



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 2 de AGOSTO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dous de agosto de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(596).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbasne as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 23 e 29 de xullo e ordinaria do 26 de xullo de 2024 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(597).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA".**  
**EXPTE. 1902/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 24/07/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa República Argentina" (1902-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa República Argentina" (1902-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. María Ferreiro Núñez.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (183.354,59 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 31.821,87 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2024	183.354,59 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 5 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa República Argentina" (1902-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Clasificación de orden:</b>	<b>Baixa ofertada</b>
<b>1</b>	<b>CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.</b>	<b>26.730,37 €</b>
2	UTE CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A. - ASFALTOS LUIS FERNANDEZ, S.L.	19.881,09 €
3	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	17.820,25 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	15.532,11 €
5	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	10.667,90 €
6	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U	9.849,63 €
7	NAROM, S.L.	75,77 €

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 5 de xullo de 2024, que presenta a documentación requirida os días 15 e 22 de xullo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición da licitadora no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución e obxecto social da mercantil, o apoderado, a declaración de non estar incurso en

prohibición de contratar e os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e Seguridade Social, así como a clasificación da licitadora.

- A declaración de vixencia dos datos que figuran nos devanditos rexistros.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (181.839,26 €€), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 4, categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (183.354,59 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 4, categoría 5.
- Seguro de caución por un importe de 6.240,12 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 3 e 4 de xullo de 2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa República Argentina" (1902-441) por un prezo total do contrato é de 151.010,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.208,49 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(598).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”. EXPTE. 1899/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 24/07/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Zamora" (1899-441)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Zamora" (1899-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 20 de maio de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D<sup>a</sup> Julio Roberes de Cominges.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS CON NOVECENTOS CORENTA E DOUS CON SEIS CÉNTIMOS (345.942,06 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 60.039,53 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:*

2024	345.942,06 €
------	--------------

*Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 5 de xullo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Zamora" (1899-441) na seguinte orde descendente:*

	<i>Clasificación de orden:</i>	<i>Baixa ofertada</i>
1	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	60.211,07 €
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ASFALTOS LUIS FERNÁNDEZ S.L.	57.780,90 €
3	NAROM, S.L.	47.002,37 €
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	45.487,09 €
5	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	33.078,91 €
6	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	25.388,15 €
7	GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U.	22.872,20 €



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles , a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o día 8 de xullo de 2024, que presenta a documentación requirida o 22 de xullo de 2024, dentro do prazo concedido e o 24 de xullo fora de prazo. Con respecto a esta última documentación, presentada fora do prazo concedido, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución e obxecto social da mercantil, o apoderado, a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar e os certificados positivos de débedas da AEAT, ATRIGA e Seguridade Social, así como a clasificación da licitadora.
- A declaración de vixencia dos datos que figuran nos devanditos rexistros.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (343.083,04 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 4, categoría 3.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (345.942,06 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo G, subgrupo 4, categoría 2) presentan a clasificación Grupo G, subgrupo 4, categoría 3.

- Solicitude de retención no prezo por un importe de 11.284,57 € para a constitución da garantía definitiva.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 24 de xullo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES VALE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 27 de xuño de 2024.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES VALE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Pavimentación da rúa Zamora" (1899-441) por un prezo total do contrato de 273.086,67 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.395,21 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(599).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA “VIGO EN INGLÉS 2024”. EXPTE. 7016/241.**

Visto o informe de fiscalización de data 24/07/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada-xefa de Asesoramento, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62.810-332) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62.810-332) (PPT)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de

cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”. (62.810-332)

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 20 de maio de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 5.999.550,00 euros, IVE exento.*
- b) *A achega de 8 monitores/as de reforzo a maiores dos número mínimo esixido como medios persoais (47).*
- c) *A achega das seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:*
  - *Incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver a maiores das previstas no punto 4.3.2 do PPT (10 horas).*
  - *Redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver respecto da ratio máxima requirida no punto 4.3.2 do PPT (15 alumnos).*
- d) *A achega de 40 monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 o C2.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 11 de xuño de 2024 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Cuarto.-** A requirimento do responsable do contrato NEW LINK EDUCATION, S.L., presentou unha proposta de modificación no Rexistro xeral deste Concello en data 10 de xullo de 2024.

**Quinto.-** O 12 de xullo de 2024 o técnico do Servizo de Educación, coa conformidade da Xefa do Servizo de Educación, solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da elevada demanda sobre as prazas ofertadas.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1718/1102

**-I-**

### **Legislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**

### **Da modificación dos contratos**

A legislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato se a demanda de prazas para o programa supera o número de prazas ofertadas en cada convocatoria anual (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar o incremento do prezo do contrato (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 20 % (apartado 15.D da FEC) e como especialidades, a seguinte:

*“Para calcular o incremento do prezo do contrato multiplicarse o prezo unitario ofertado polo contratista por alumno polo número de alumnos que se incrementen. Será necesario neste caso manter a ratio de monitores ofertada. A modificación se acordará exclusivamente para a anualidade en curso, incrementando o número de alumnos/as desa edición anual e non nas restantes anualidades.”*

A modificación obxecto deste informe vén motivada pola finalidade de tentar dar resposta á elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal “Vigo en Inglés 2024”.. Informan ao respecto o servizo de educación, na data 12 de xullo de 2024 o seguinte:

*“Atender á importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa “Vigo en Inglés”, e para tentar paliar este aspecto, aumentar en 100 prazas o número de prazas dispoñibles no citado programa municipal para esta edición 2024, na procura de tentar garantir o desfrute da praza de todo aquel alumnado solicitante que cumpra os requisitos da convocatoria.”*

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a que a demanda de prazas para o programa na convocatoria de 2024 supera o número de prazas ofertadas
- Supón un incremento do prezo do contrato de 323.500,00 euros, que equivale a un 5,392% do prezo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20 %, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros (5.999.550,00), e se trata dunha modificación prevista no PCAP. No presente caso xa consta no expediente a conformidade do contratista por canto este presentou no Rexistro Xeral do Concelo, en data 10 de xullo de 2024, unha proposta de modificación do contrato a petición do responsable do contrato. En consecuencia, consta o seu consentimento do contratista.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público. Tal e como informa o responsable do contrato en data 12 de xullo:

“Nun mundo globalizado como o actual, está fóra de toda dúbida a vital importancia da formación en idiomas estranxeiros, sendo a competencia en lingua inglesa do alumnado vigués manifestamente mellorable. O programa municipal “Vigo en Inglés 2024” mellora o coñecemento e a práctica da lingua inglesa da poboación estudantil de Vigo, constituíndo un valor engadido e factor determinante no futuro acceso ao mercado laboral, porque incide claramente na maior cualificación e formación deste alumnado para facer fronte aos retos da sociedade global. É dicir, prepara aos nosos estudantes para os desafíos dunha mobilidade internacional no mercado de traballo, satisfacendo a necesidade dunha sociedade plurilingüe e tentando evitar os perigos que puidese ocasionar a marxinación daquel alumnado que non posúa as destrezas necesarias para ter a maior fluidez, manexo e dominio da lingua inglesa.

A Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE) publicada no BOE nº 340 do 30/12/2020, nos seus artigos 25 e 26 recolle nos principios pedagóxicos que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizárase a comprensión e expresión oral.

Por iso, esta acción municipal permite mellorar significativamente a aprendizaxe e competencia en lingua inglesa do alumnado da nosa cidade, ao

favorecer a súa integración completa nun ámbito internacional (High School, familia de acollida inglesa e localidade de fala inglesa) durante unha estadía prolongada, sendo este tempo de exposición do alumno/a á lingua inglesa un medio ideal para a súa aprendizaxe práctica en contextos reais 24 horas ao día, perfeccionando as habilidades comunicativas de comprensión e expresión oral na lingua inglesa. En consecuencia estas estadias lingüísticas de 3 semanas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda no marco do programa municipal "VIGO EN INGLÉS 2024", posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma.

Para o alumnado vigués participante esta mellora da competencia en lingua inglesa, facilita o acceso a posteriores estudos universitarios en campus europeos e posibilita máis saídas profesionais, especialmente en empregos con proxección internacional.

Con esta iniciativa formativo-lingüística municipal, o Concello de Vigo dende hai varios anos, ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas; dado que o coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira amósase como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai a resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

O programa "Vigo en Inglés 2024" estimula no alumnado participante unha educación plurilingüe e intercultural, mediante a inmersión e práctica da lingua inglesa e a súa utilización en entornos comunicativos reais, sendo esta formación lingüística complementada con actividades non so académicas, senon de índole cultural, deportivo, tempo libre, obradoiros, coñecemento aspectos socioculturais... cuxa finalidade é promover a convivencia e comunicación co alumnado inglés. Polo tanto, comunicación práctica, integración e interculturalidade son aspectos básicos que promove este programa municipal, que sen dúbida algunha facilitará a construción e desenvolvemento colectivo dunha sociedade mais xusta e equitativa que evoluciona e progresa na igualdade de oportunidades e respecto e comprensión doutras culturas. atender a importante demanda e listaxes de agarda de alumnado solicitante que se produciron no programa "Vigo en Inglés"

Tal e como tamén se indica no informe do responsable do contrato a Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 1/04/2024 aprobou as "Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa "Vigo en Inglés 2024" dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos" (expte 89031/332); existindo unha elevada demanda de solicitudes presentadas no programa municipal "Vigo en Inglés 2024".



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

Por todo ilo, resulta de interese público ampliar as prazas da presente convocatoria para cubrir a demanda do alumnado solicitado.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 323.500,00 euros (100 prazas x 3.235,00.-€ custo/alumno), que se imputarán á aplicación orzamentaria 260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais” coa seguinte distribución de anualidades:

<b>Ano</b>	<b>Importe IVE incluído</b>
ANO 2024	323.500,00

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do orzamento base de licitación excluído o IVE”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en 16.175,00 euros.

### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

#### **-VI-**

#### **Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

#### **-VII-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

#### **-VIII-**

#### **Proposta de acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

*“1º.- Modificar o contrato dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62.810-332), nos termos sinalados neste informe.*

*2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 323.500,00 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 260.227.99.17 “Programa Educativo Aulas Internacionais” coa seguinte distribución de anualidades:*

Ano	Importe IVE incluído
2024	323.500,00

*Esta modificación representa un 5,392 % do prezo do contrato.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea””*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(600).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE “VIGO EDUCA”. EXPTE. 97507/332.**

Visto o informe xurídico do 23/07/2024 e o informe de fiscalización de data 24/07/2024, dáse conta do informe-proposta de data 11/07/2024, asinado polo técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 25 de abril de 2024, a concelleira da Área de Goberno resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado polo técnico de actividades culturais, pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 25/04/2024.

- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 25/04/2024 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada polo técnico de actividades culturais e educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 02/05/2024.
- Documentos contables RC 803760 e RCFUT 803761, por importes de 18.000,00 e 342.000,00 euros respectivamente, de data 03/05/2024.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 14/05/2024 redactado polo técnico de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada polo técnico de actividades culturais e educativas e pola xefa do Servizo de Educación en data 14/05/2024.
- Memoria Xustificativa asinada polo técnico de actividades culturais educativas, pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 14/05/2024.
- Informe de 05/06/2024 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11/07/2024 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos das viaxes de ida e volta dos escolares participantes no programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA", que o Concello de Vigo oferta ao longo do curso lectivo escolar, para promover o coñecemento cultural da cidade de Vigo mediante a realización e participación activa do alumnado en itinerarios e visitas didácticas á cidade de Vigo, que preferentemente estarán relacionadas coa variada oferta educativa municipal, que contribúen a aumentar o seu sentimento de pertenza e implicación coa cidade onde viven e residen. Para desenvolvelo é necesario contratar o transporte gratuíto do alumnado participante, e a coordinación da operativa de loxística organizativa cos centros de ensino e o Concello.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 4 (catro) anos e unha posible prórroga, cunha duración dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 90.000,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9911 "Programa educativo Vigo Educa".



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa".

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 14/05/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/07/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa".

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 360.000,00 euros (327.270,00 euros máis 32.730,00 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa", con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9911 "Programa educativo Vigo Educa", e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- 18.000,00 euros correspondentes ao ano 2024;
- 90.000,00 euros correspondentes ao ano 2025;
- 90.000,00 euros correspondentes ao ano 2026;
- 90.000,00 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 72.000,00 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(601).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS. EXPTE. 20750/77.**

Visto o informe xurídico do 23/07/2024 e o informe de fiscalización de data 26/07/2024, dáse conta do informe-proposta do 17/07/2024, asinado polo técnico de

Xestión, a técnica de Administración xeral do Servizo de Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Mediante resolución de 14 de marzo de 2024, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude autorizou iniciar o expediente de contratación para a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCÍONS E CONVENIOS DE FOMENTO DO EMPREGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data 14 de marzo de 2024.
2. Memoria económica do contrato, asinada pola técnica de xestión o 14/03/2024, e a continuación pola técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e polo Concelleiro de Orzamentos e Facenda, en data 15/03/2024; a cal foi corrixida posteriormente a 02/07/2024 e asinada pola técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá, pola Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (por Resolución de Alcaldía de 28/06/2024) e polo Concelleiro de Orzamentos e Facenda.
3. Certificado de existencia de crédito do 18/03/2024 (RC núm. 12024000049805).
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinada pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 08/05/2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, asinado pola técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 08/05/2024.
6. Memoria xustificativa do contrato, cos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data 08/05/2024.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos de data 10/07/2024.
8. Prego de cláusulas administrativas asinado en data 10/07/2024.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No momento en que se deu inicio ao expediente, no concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de área de goberno e nos concelleiros delegados de data 22 de xuño de 2023 e BOP n.º 123 de data 27 de xuño de 2023, polo que mediante sinatura da Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en resolución de 14 de marzo de 2024, se autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

- 1º Aprobar o expediente de contratación (20750-77) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do "SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS

SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS DE FOMENTO DO EMPREGO”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 8 de maio de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 10 de xullo de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS DE FOMENTO DO EMPREGO”.

3º.- Aprobar o gasto de 21.937,43 € para a contratación do “SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS DE FOMENTO DO EMPREGO”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279900 PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (P. EMPREGO), dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2024.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(602).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE VALADO DE MADEIRA. EXPTE. 50956/446.**

Visto o informe xurídico do 22/07/2024 e o informe de fiscalización de data 24/07/2024, dáse conta do informe-proposta do 19/07/2024, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- En data 22 de marzo de 2024, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do *Subministro de valado de madeira* (expte. 50956/446).

2.- En data 26 de marzo de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, co conforme do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de data 27 de marzo de 2024, a memoria económica (MEC).

3.- En data 3 de abril de 2024, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 12024000068509, por un importe de 20.000,00 €, correspondente á anualidade 2024 e RC\_FUT 12024000068518, por un importe de 20.000,00 €, correspondente á anualidade 2025.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

- 4.- A memoria xustificativa (MEX), de data 15 de abril de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, de data 8 de maio de 2024.
- 5.- En data 29 de maio de 2024, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- 6.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 15 de xullo de 2024, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.
- 7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 19 de xullo de 2024.
- 8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación os seus documentos contables correspondentes (RC nº 12024000068509 e RC\_FUT nº 12024000068518).

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 22 de xuño de 2023 (modificado por acordo de data 28/06/2024) nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados.

O concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, en resolución de 22 de marzo de 2024, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é a abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 49.586,77€.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de **SUBMINISTRO DE VALADO DE MADEIRA**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 15 de xullo de 2024 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 19 de xullo de 2024.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 40.000,00 €, que inclúe un IVE de 6.942,15 €, o cal se imputará á partida 1710.6090000 “Mobiliario Urbano”, distribuído nas seguintes anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTES
2024	20.000,00 €
2025	20.000,00 €

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(603).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)”. EXPTE. 6329/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/07/2024, asinado pola técnica de Xestión-xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (Resolución do concelleiro de 24/07/2024), o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 03.07.2023 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Interurban SAU.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Aya Vidal.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas en data 22.12.2023 informaron que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos na data 26.12.2023, a proposta da Xefa do Servizo administrativo e de Control Orzamentario (Resolución da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 31.08.2023)

resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**IV.-** O ámbito da actuación se sitúa na rúa do Pazo, situada no barrio de Bouzas e parroquia de Alcabre dentro do Concello de Vigo. A rúa limita ao norte coa Praza da Villa de Bouzas, entroca coa rúa de Santa Ana ao suroeste e polo sur limita coa rúa dos Herreros, que ademais encontrase coa Praza de M. Diego Santos.

As obras localízanse dentro do Casco Histórico de Bouzas, nun ámbito residencial consolidado, con servizos comerciais e hostaleiros. O viario presenta un alto grado de degradación, con unha deficiente distribución de usos entre o espazo peonil e o destinado ao tráfico rodado, supoñendo grandes carencias en materia de accesibilidade.

Para solucionar estes problemas, as obras a executar se enumeran a continuación:

- Creación dunha plataforma única mellorando a accesibilidade e priorizando a mobilidade peonil, e renovación da pavimentación con materiais acordes ao entorno: lousas e bordos en granito en dous tonalidades de gris.
- Renovación das redes de servizos existentes:
  - Substitución dos puntos de luz obsoletos por unha iluminación eficiente e homoxénea no ámbito do proxecto.
  - Creación dunha rede separativa para a evacuación de augas pluviais e renovación da rede de saneamento.
  - Renovación da rede de abastecemento en tubaxes de fundición dúctil.
  - Inclusión dunha rede de canalización da rede de telecomunicacións e soterramento do tendido aéreo e canalización da rede de enerxía eléctrica.
  - Implantación de elementos de mobiliario urbano e inclusión de elementos vexetais como arbustos e enredadeiras ornamentais con diferentes cromatismos en todo o ámbito, e instalación dunha rede de rego automático.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) MESES.

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 18.07.2024, pola que se autoriza o proxecto de sondaxes arqueolóxicas e posible control e seguimento das obras de HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO, BOUZAS, ALCABRE, VIGO, coa afección de XACEMENTO ROMANO DE BOUZAS (GA36057158).

**VI.-** A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos emite en data 26.07.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, sitúa o viario en solo urbano consolidado e está incluído no ámbito do Plan especial de protección e reforma interior (PEPRI) do Casco Histórico de Bouzas, con aprobación definitiva de data 30.09.02 (BOP 11.11.02, DOG 21.11.02). As aliñacións das obras proxectadas axústanse ás aliñacións do viario existente no PEPRI de Bouzas tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 19/01/2024.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

*Conforme o informe do Servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 10/01/2024, as obras atópanse dentro do ámbito de protección do “Xacemento romano de Bouzas” (código GA36057158), polo que realizaranse unhas sondaxes arqueolóxicas manuais previas a obra definidas no proxecto arqueolóxico, que consta de autorización por Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 18/07/2024.*

*No apartado 4.16. “Incidencias ambientais” do proxecto, indícase que as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a outra normativa sectorial significativa.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao

proyecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA DO PAZO (BOUZAS)”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS TRINTA E CINCO MIL NOVECENTOS UN EUROS con VINTE E DOUS CÉNTIMOS (435.901,22 €), e con sinatura dixital de data 24 de xullo de 2024.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(604).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”. EXPTE. 5361/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19.10.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Pablo Menéndez S.L.U.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 20.12.2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- O ámbito de actuación localízase na contorna do barrio de A Doblada, e comprende os tramos das rúas San Roque e Couto de San Honorato, situados entre a Avenida Alcalde Gregorio Espino e as rúas Colombia e Reiseñor. A intervención conta con unha lonxitude aproximada de 247m.

Actualmente, a rúa presenta unha deficiente distribución de usos; as beirarrúas son estreitas e dificultan o paso dos peóns, e o espazo entre as rúas San Roque e Couto de San Honorato utilízase como unha zona de estacionamento indebido. Ademais, o viario encóntrase en mal de estado de conservación, os pavimentos presentan un alto grado de degradación e non seguen criterios de homoxeneidade.

Pola calzada discorre unha das principais arterias do servizo que transporta auga dende a ETAP do Casal ate o depósito do Castro, de fibrocemento e cun diámetro de 600 mm. A totalidade da rede de abastecemento existente no ámbito é de fibrocemento e finalizou a súa vida útil, sendo necesario a renovación integral da mesma.

Para solucionar estes problemas, enmarcada na política municipal de humanización das rúas na cidade, ponse en marcha o proxecto de “Humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reiseñor”, con obxectivo de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e renovar e mellorar as redes de servizos. As principais actuacións a executar son:

- Redistribución do espazos da vía de unha forma máis equilibrada e favorable para os cidadáns. Créase unha nova praza na zona entre as rúas San Roque e Couto de San Honorato, formando un graderío que envolve a zona verde, e auméntase o ancho das beirarrúas en todo o ámbito. Mantense un único sentido de circulación e resérvase unha banda de estacionamento comprendido entre a rúa Talude e a Avenida Alcalde Gregorio Espino.

- De acordo co resto de humanizacións na contorna, paviméntase o viario seguindo criterios de homoxeneidade e alta calidade, empregando mesturas bituminosas no firme da calzada, pavimentos de granito en beirarrúas e solucións accesibles nos pasos peonís.
- Renovación das redes de servizos existentes:
  - Rede de abastecemento: renovación con tubaxes de fundición dúctil.
  - Rede de saneamento: separación da rede de augas pluviais e residuais.
  - Rede de alumeadado público: Mellora da iluminación no tramo, incrementando a eficiencia e aforro enerxético.
- Realízase un tratamento integral das zonas axardinadas, coa instalación dunha rede de rego automático.
- Finalmente, dispónse en todo o ámbito de novo mobiliario urbano como bancos, papeleiras, aparcabicis e alcriques.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DEZ (10) meses.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 19.07.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica a Rúa San Roque como viario, sendo o ámbito de actuación clasificado como solo urbano consolidado.*

*O proxecto adecúase á ordenación urbanística vixente e ás aliñacións existentes, e conforme o informe do servizo de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo de data 04/01/2022, as obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e/ou etnolóxica.*

*No Anexo 2.16 “Gestión medioambiental” indicase que as actuacións definidas no proxecto non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental,*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

*modificada por la Ley 9/2018, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."*

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos

*diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”**, redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €) e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(605).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL, ENTRE AS RÚAS DO PROGRESO E LÓPEZ DE NEIRA”. EXPTE. 6442/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/07/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 27.05.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción da adecuación do proxecto de referencia, a favor da empresa favor de empresa GOC.S.A.

II.- A empresa GOC. S.A. presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL, ENTRE AS RÚAS DO PROGRESO E LÓPEZ DE NEIRA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Buen, cun orzamento base de licitación máis IVE de de SETENTA E TRES MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (73.779,25 €).

III.- O Xefe da Área de Servizos Xerais en data 25.06.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Técnico de Administración Xeral, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

**IV.-** As actuacións teñen lugar en toda a lonxitude do vial de propiedade municipal, concretamente entre a confluencia da Porta do Sol e a rúa Progreso. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das pataloxías do firme detectadas, esta actuación esta dividida en tramos segundo os ensaios previos realizados, así:

### TRAMO I. RÚA PROGRESO A LOPE DE NEIRA

- Fresado e demolición do pavimento bituminoso da calzada, eliminación de lastro de pedra.
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC22 SURF B 50/70 D (7 cms), implantación dunha geomalla de fibra de vidro, incluíndo reparación de subbase de formigón en masa tipo HM20 dende os 9 cms, cos respectivos regos de adherencia.
- Tratamento final de pulido da capa de rodadura de misturas betuminosas.

### TRAMO II. DE LOPE DE NEIRA A PORTA DO SOL

- Fresado e demolición do pavimento bituminoso da calzada, eliminación de lastro de pedra.
  - Reposición do firme da calzada mediante mediante HF 4.5 de 20 cms de espesor.
  - No caso das bandas de pedra emprego formigón HF 4.5 coloreado.
- Adecuación dos sistemas de drenaxe, rexistros, etc..
  - Reposición da rígola existente a beira do bordo en formigón en masa tipo HM 20
  - Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 19.07.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca zona de solo urbano consolidado. Non é preciso autorizacións sectoriais por afección a outros dominios ou autorizacións medioambientais.*

*A actuación encontrase dentro do Plan Especial de Protección e Reforma Interior e existen na rúa onde vaise a actuar, Bens de Interese Cultural. En concreto, son seis edificios considerados Bens de Interese Cultural, pero non se considera que as obras deste Proxecto afecten a ditas edificacións, ao actuarse exclusivamente na plataforma da rúa; Atendendo ao apartado catro “Actuacións nos contornos de protección dos bens inmobles protexidos polo seu valor cultural que non precisan de autorización previa en materia de patrimonio cultural” da instrución 8/11/2017, publicado en DOGA*

del 5/12/2017.

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

*administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CADAVAL, ENTRE AS RÚAS DO PROGRESO E LÓPEZ DE NEIRA”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E TRES MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (73.779,25 €) e asinado dixitalmente en data 19 de xullo de 2024.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE AUSÉNTANSE DA SESIÓN O SR. ALCALDE E A CONCELLEIRA SRA. ESPINOSA MANGANA.

PRESIDE A SESIÓN A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, SRA. SILVA REGO

### **11(606).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO “PROXECTO DE REPARCELACIÓN NO ÁMBITO DE ACTUACIÓN CONXUNTA NO MEDIO URBANO U.A. HERNÁN CORTÉS”. EXPTE. 5293/401.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/07/2024, asinado pola técnica de Administración xeral, a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira-delegada da Área de Goberno, co ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 23/07/2024, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES E FEITOS

##### I. Actuacións administrativas realizadas

I.I. O Pleno do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar con data do 23.02.2022 acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación definitiva ao *“Estudo de Detalle na UA Hernán Cortés”, a delimitación do ámbito de actuación conxunta no medio urbano e o inicio do procedemento de equidistribución de beneficios e cargas das parcelas afectadas que realizarase mediante o sistema de reparcelación*, segundo o previsto na Lei 1/2019, de 22 de abril, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana (Exp. 5264/401).

O referido acordo de aprobación definitiva foi publicado no DOG núm. 69 do 08.04.2022; figura inscrito no Rexistro de ordenación do territorio e Planeamento urbanístico de Galicia co número de rexistro

ROTPG/P/72/2022 e publicado no “Boletín oficial da Provincia de Pontevedra” núm. 195 do 11.10.2022, polo que dito instrumento de planeamento ten acadado plena eficiencia e executividade.

I.II. A delimitación espacial do ámbito de actuación sobre o medio urbano, unha vez acadado a súa firmeza, determinou automaticamente o Inicio do expediente de reparcelación de beneficios e cargas entre as parcelas afectadas; En cumprimento da normativa de pertinente aplicación, procedeuse á publicación do anuncio do inicio do expediente de reparcelación no BOPPO núm. 10 do 16.01.2023 e no “Faro de Vigo” do 13.01.2023; Asemade, consta no expediente electrónico de razón á notificación debida a todos os interesados no presente procedemento.

I. III. Neste estado de tramitación, con data do 8.03.2024 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, adoptou o seguinte ACORDO: *PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter inicial ao documento nomeado “Proxecto de reparcelación no ámbito de actuación conxunta no medio urbano da Unidade de Actuación Hernán Cortés” promovido pola entidade “Hernan Cortes Homes, SL”, e que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 16.11.2023( COD.SOL.: W997365-3719 e Doc. Núm. 230359582), e con data do 20.12.2023 (COD. SOL.: W1031883-4983 e Doc. Núm. 230413879), documentación toda ela redactada polo arquitecto José A. Comesaña García e o avogado Alfredo Cerezales Fernández, de data novembro de 2023.SEGUNDO.: Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación que o integra, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no DOGA, no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na provincia, no páxina web municipal no enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) e no portal de transparencia., computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no DOGA- , a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo, á todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto. CUARTO.: Advírteselle á promotora que, con anterioridade á aprobación definitiva do presente expediente, deberá presentar un proxecto de obras ordinarias, co obxecto de completar a urbanización, ao proporse a creación dunha praza pública de 817,30 m<sup>2</sup>, que proxecte a transición da mesma co espazo público circundante, deixando expedido o espazo rodado debido,que de acceso a zona alta da cidade.*

I.IV. En cumprimento do dito acordado, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no “Faro de Vigo” de data 15.03.2024, no “BOPPO” número 58 do 21.03.2024, e no DOG número 60, do 25 de marzo de 2024, así como na Sede electrónica do Concello de Vigo, así como á notificación individualizada aos titulares catastrais segundo relación incorporada ao expediente.

I.V. Con data 26.04.2024 o xefe de servizos centrais da XMU, estende dilixencia para facer constar que, “ O Proxecto de reparcelación no ámbito de actuación conxunta no medio urbano U.A. Hernán Cortés”, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 15 de marzo de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 58, do 21 de marzo de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 60, do 25 de marzo de 2024) e na sede electrónica do Concello de Vigo. Durante o dito prazo presentáronse as seguintes alegacións:

25.04.2024	Código Solicitud W1095687-5764	CDAD PROP DOCTOR COLMEIRO LAFORET 5
------------	--------------------------------	-------------------------------------

En base a mesma, con data 26.04.2024 o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira delegada da área de goberno de urbanismo e vivenda, emite certificado de fin de exposición pública, do seguinte teor literal, “(.) Que, durante o período de información pública do expediente núm. 5293/401, do “Proxecto de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

reparcelación no ámbito de actuación conxunta no medio urbano U.A. Hernán Cortés”, aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 15 de marzo de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 58, do 21 de marzo de 2024), no Diario Oficial de Galicia (número 60, do 25 de marzo de 2024) e na sede electrónica do Concello de Vigo, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 26 de abril de 2024, polo Xefe dos Servicios Centrais da XMU, presentouse a seguinte alegación:

25.04.2024	Código Solicitud W1095687-5764	CDAD PROP DOCTOR COLMEIRO LAFORET 5
------------	--------------------------------	-------------------------------------

I.VI. Mediante oficio do Xerente de urbanismo de data 02.05.2024 (Not. Número. 5140-2024) déuselle traslado a entidade promotora do presente expediente, do certificado de fin de exposición pública, así como do escrito de alegación presentado.

I.VII. Con data do 22.05.2024 (Doc. Núm. 240157012) a entidade promotora presenta no rexistro electrónico desta XMU, informe as alegacións recibidas, co seguinte contido:

### **I”(...) NFORME DE LAS ALEGACIONES RECIBIDAS**

#### **A) ANTECEDENTES**

Según la notificación recibida con fecha 02/05/2024 de la Xerencia Municipal de Urbanismo del Concello de Vigo, durante el periodo de información pública del Proyecto de reparcelación en el ámbito de actuación conjunta en el medio urbano UA Hernán Cortés se presentó una (1) alegación.

Se procede a continuación, a la respuesta de la alegación formulada.

#### **B) INFORME**

##### **1. ALEGACIÓN DE COMUNIDAD DE PROPIETARIOS DE DOCTOR COLMEIRO LAFORET, 5.**

###### **Resumen:**

La Comunidad ya presentó alegaciones al Estudio de Detalle en la U.A. Hernán Cortés y fueron rechazadas, se nos informó que podíamos volver a presentarlas cuando se fuera a tramitar la Licencia de Obra para el Sólido 1, de dicho Estudio de Detalle.

La Comunidad informa, tal y como hizo en su momento, que la separación de nuestro edificio con el sólido 1 de Hernán Cortés sería únicamente de 6,92 metros, lo que no cumple la normativa de la Xunta de Galicia. Esto se advierte antes de que se apruebe el Proyecto de Reparcelación de la zona y se conceda la licencia de construcción.

###### **Informe:**

El proyecto de Reparcelación tiene como finalidad disponer las parcelas conforme a las determinaciones del planeamiento urbanístico aprobado, por lo que no modifica ni incorpora nuevas determinaciones a la ordenación del ámbito.

El Estudio de Detalle estableció, según lo previsto en el PEEC, el tapado de medianeras y el ajuste de las alineaciones. Particularmente, en relación al Edificio Doctor Carlos Colmeiro Laforet 5, se estableció el adosamiento a la medianera en la planta inferior, y un retranqueo a dicho predio en las plantas superiores, cumpliendo lo establecido en el artículo 582 del Código Civil, sobre servidumbre de luces y vistas.

Todo ello sin perjuicio de que las edificaciones que se proyecten, sujetas a la correspondiente licencia, deberán cumplir con toda la normativa de aplicación, estatal, autonómica, municipal y sectorial, en su caso, sin que dicha fiscalización sea cometido del acto de aprobación del Proyecto de Reparcelación.

*Por todo ello, se propone la desestimación de la alegación presentada y la aprobación definitiva del proyecto de reparcelación.*

I.VIII. En data 22.05.2024 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico emite informe técnico ao presente trámite de aprobación definitiva, no que conclúe a desestimación da alegación achegada no período de información pública, co seguinte teor literal:

Tralo análise da alegación e do equipo redactor do proxecto de reparcelación achegado, emítense o seguinte:

ALEGACIÓN: 1  
CÓDIGO DE SOLICITUDE: W1095687-5764 de 25 de abril de 2024  
PRESENTADA POR: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DOUTOR COLMEIRO LAFORET 5  
ALEGA: 1- Reiteran alegación xa rexeitada na tramitación do Estudo de Detalle da UA Hernán Cortés.

Na alegación 210177572 do 27/08/2021 "Solicítase que na aliñación interior do retranqueo para o sólido 1, lindante co edificio, se poda inscribir patio de 6,92 m de diámetro de conformidade co Código Técnico e a Lei de Habitabilidade de Galicia"

2- A comunidade informa que a separación de seu edificio co sólido 1 do Estudo de Detalle é de unicamente de 6,92 m. O que non cumpre a normativa da Xunta de Galicia.

3- A comunidade o advirte antes da aprobación do proxecto de reparcelación e antes de que se conceda a licenza de construción.

SOLICITA: 1- Tan só reitera, informa e advirte.

INFORME: O proxecto de reparcelación ten como obxecto, entre outros, a de regularizar as fincas e situar o aproveitamento en zonas aptas para a edificación segundo o planeamento, polo que non cabe sinalar unha dimensión de separación.

Os sólidos capaces teñen a consideración de máximos, será no momento da solicitude da licenza cando comprobarase a distribución do aproveitamento, que nunca superará o máximo permitido, e xustificárase polo miúdo o cumprimento da normativa de edificación.

PROPOSTA: Desestimación.

Finalmente, con data do 16.07.2024 a entidade "Hernán Cortés Homes, SL", con CIF B13672860, presenta a través do rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo (COD.SOL.: W1137764-7465; DOC. Núm. 240222152), documentación técnica consistente no Anteprojecto técnico de obras ordinarias de urbanización da unidade de actuación Hernán Cortés (Exp. 5333/401).

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO /VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I Normativa básica examinada

TRLS/2015 (RD Lex7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

LRRRUG (L. 1/2019, do 22 de abril, de Rehabilitación e de rexeneración e de renovación urbanas de Galicia,

LPCG (Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia)

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

Revisión do PXOU/1993, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria de data 26.08.2021 (Exp. 15313/411),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D.Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

- O resto de disposicións que poidan afectar,

### II.II Obxecto e Descrición do ámbito

Nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia dos obxectivos do presente proxecto de reparcelación, e que se reflicten na Memoria do proxecto achegado, que non son outros que, garantir a execución das previsións do planeamento para o ámbito da actuación conxunta da UA Hernán Cortés, regularizando a configuración das parcelas, localizando o aproveitamento que corresponde á propiedade sobre as parcelas de resultado que substitúan ás primitivas.

O ámbito ven definido polo Estudo de Detalle aprobado definitivamente, e que se reflexa nos planos do proxecto ao que neste intre se presta aprobación definitiva, dunha superficie total de 1.760,65 m<sup>2</sup>, dos cales 435,62 m<sup>2</sup> corresponden co viario público existente e 1.325,03m<sup>2</sup> de 10 parcelas catastrais primitivas, cos seguintes lindeiros: Norte: María Berdiales; Sur: Inmable Hernán Cortés 26, Este: Rúa Hernán Cortés, Oeste: Rúa Dr. Carlos Colmeiro e inmobles Dr. Carlos Colmeiro 8 e Dr. Carlos Colmeiro 7.

### III.III Urbanización do ámbito

De conformidade co previsto na LRRRUG (artigo 21), o promotor da presente actuación deberá presentar conxuntamente un proxecto de obras ordinarias adxunto aos proxectos construtivos dos edificios, co obxecto de completar a urbanización, ao proporse a creación dunha praza pública de 817,30 m<sup>2</sup>, e proxecte a transición da mesma co espazo público circundante, deixando expedido o espazo rodado debido que de acceso a zona alta da cidade.

Así nos previos antecedentes de feito, deixouse constancia que con data do 16.07.2024 a entidade "Hernán Cortés Homes, SL", con CIF B13672860 presenta a través do rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo (COD.SOL.: W1137764-7465;DOC. Núm. 240222152), documentación técnica consistente no Anteprojecto técnico de obras ordinarias de urbanización da unidade de actuación Hernán Cortés, dando cumprimento debido ao condicionado disposto no acordo de aprobación inicial do presente expediente de reparcelación.

### III.IV. Formulación e tramitación

Respecto ao contido do proxecto de reparcelación estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV da LSG, que deberá incluír a seguinte documentación: Memoria xustificativa: descrición das parcelas orixinais, descrición das parcelas resultantes, gastos da actuación e liquidación provisional, e cadro de reparcelación; Planos: plano de situación, plano topográfico, plano parcelas orixinais, plano parcelas resultantes, plano superposición parcelas orixinais e resultantes, plano ordenación xeral, plano localización das cesións municipais; Fichas parcelas resultantes: Ficha parcela 1, ficha parcela 2, ficha parcela municipal.

Sobre o contido e suficiencia da documentación que integra o presente expediente, informou con data do 26.12.2023 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, o órgano municipal competente aprobará inicialmente o proxecto e o someterá a información pública polo prazo dun (1) mes, mediante anuncios que se publicarán no Boletín oficial da provincia, e nun dos diarios de maior circulación da provincia, con notificación individualizada aos propietarios do ámbito,- do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos-concluído dito trámite de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

Conclusión.- Tralo análise técnico e xurídico, co dito alcance de avaliar a integridade documental do presente instrumento de reparcelación, as actuacións administrativas realizadas, e a conformidade coa lexislación vixente, infórmase favorablemente polas que subscriben, a presente proposta de aprobación definitiva do «Proxecto de reparcelación no ámbito de actuación conxunta no medio urbano U.A HERNÁN CORTÉS», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola entidade "HERNAN CORTÉS HOMES, SL".

#### I.V. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte ,

#### ACORDO

PRIMEIRO.: Desestimar a alegación presentada en data 25.04.2024 (COD.SOL.: W1095687-5764), en base e de conformidade cos feitos e fundamentación xurídica exposta no corpo da presente.

SEGUNDO.: Prestar aprobación definitiva ao «*Proxecto de reparcelación no ámbito de actuación conxunta no medio urbano da Unidade de Actuación Hernán Cortés* », instrumento urbanístico de iniciativa particular, formulado pola entidade "Hernán Cortes Homes, SL", que se integra e conforma pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 16.11.2023 (COD.SOL.: W997365-3719 e Doc. Núm. 230359582), e con data do 20.12.2023 (COD. SOL.: W1031883-4983 e Doc. Núm. 230413879), documentación toda ela redactada polo arquitecto J.A.C.G e o avogado A.C.F de data novembro de 2023, así como polo documento presentado con data do 22.05.2024 (COD.SOL.: W1108241-4077 e Doc. 240157012), que se corresponde co informe a alegación presentada no trámite de información pública.

TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo ao alegante no presente expediente, así como a todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

CUARTO.: Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo. A tales efectos, o contido integro do proxecto aprobado definitivamente estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/), no apartado de planeamento de desenvolvemento en tramitación, e no Portal de Transparencia.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

QUINTO .- Dispor que, una vez firme en vía administrativa o acordo aprobatorio, se entregue aos promotores do expediente, certificación administrativa aos efectos da súa inscrición no Rexistro da propiedade que correspondan dos de Vigo, na que se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o presente acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

SEXTO.: Perante o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, contados dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución no Diario oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10,14, e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.(...)”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPÓRANSE NOVAMENTE Á SESIÓN O SR. ALCALDE E A CONCELLEIRA SRA. ESPINOSA MANGANA.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Prórroga do “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da Xerencia de Urbanismo, servizo de Patrimonio-Inventario de bens inmobles e viais, Area de Fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+”. Expte. 44891/220.
- .- Desisión de non celebrar o contrato do servizo de actuación artística de “UB 40” no Auditorio de Castrelos. Expte. 10150/335.
- .- Proposta de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no proceso de provisión do posto de xefe/a de Estatística. Expte. 1712/110.

- Subvención nominativa a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valladares para a organización da Festa Gastronómica do Polbo 2024. Expte. 10189/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**12(607).- PRÓRROGA DO “PROGRAMA DE ACTUACIÓN PARA DESENVOLVER PROCESOS DE MANTEMENTO CATASTRAL SEGUNDO O CONVENIO VIXENTE E A PARTIR DA INFORMACIÓN DA XERENCIA DE URBANISMO, SERVIZO DE PATRIMONIO-INVENTARIO DE BENS INMOBLES E VIAIS, AREA DE FOMENTO ASÍ COMO INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN Á PLATAFORMA MUNICIPAL VCI+”. EXPTE. 44891/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 01/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/07/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7 de abril de 2022, acordou aprobar o “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, area de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+. Expte. 2884/500”, no que se solicitaba para o seu desenvolvemento, o nomeamento dun/dunha técnico/a de administración especial -economista subgrupo A1, dun/dunha enxeñeiro/a técnico forestal subgrupo A2, e dun/dunha auxiliar de Administración Xeral.

II.- Os nomeamentos asociados á execución do programa temporal foron realizados ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, nos expedientes 40351/220 por acordos da XGL de 04/08/2022 e 9/12/2022, e 41554/220 por acordo da XGL de data 31/03/2023, finalizando o 09/08/2024, data na que se cumpren os dous anos do programa.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

**III.-** En data de 10/07/2024 a Directora de Ingresos e xestión catastral delegada coa conformidade do concelleiro da Área Orzamentos e Facenda, solicita en base a xustificación que obra no expediente que se complete ata os tres anos a duración do “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, area de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+. Expte. 2884/500” acordado pola Xunta de Goberno Local o 7 de abril do 2022 ou, no seu caso, se acorde a súa prórroga (artigo 10.1.c) do TREBEP), así como a continuidade dos medios humanos actualmente adscritos á execución do programa: un economista-subgrupo A1 e unha auxiliar de Administración Xeral-subgrupo C2.

**IV.-** En base a concellería competente ordena “Incoar expediente administrativo, dispoñendo a tramitación administrativa que resulte procedente conforme á normativa vixente”.

**V.-** Consta no expediente informe de cuantificación económica da prórroga do “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, area de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+” segundo o cal, co detalle que se indica no informe de 30 de xullo de 2027 que obra no expediente, o custo anual das prazas sería:

Economista (A1) 2024: 26.537,96 euros

Economista (A1) 2025: 40.728,40 euros.

Auxiliar (C2) 2024: 14.430,08 euros

Auxiliar (C2) 2025: 22.146,14 euros

Total 2024: 40.968,04 euros

Total 2025: 62.874,54 euros

As devanditas prazas teñen dotación para todo o exercicio e serán igualmente dotadas no orzamento do ano 2025, polo que, hai cobertura adecuada e suficiente para afrontar a prórroga dos contratos de referencia coa imputación que se detalla por anos.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

### **II.- Xustificación da urxencia e prórroga do “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, area de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+”.**

Segundo consta na solicitude recibida referida nos antecedentes de este informe resulta precisa a prórroga polo prazo de doce meses máis, literalmente “...Aínda que no documento 220174160 estimouse que naquel momento o Programa podería terse cumprimentado no prazo de dous anos, na actualidade é necesario e imprescindible o mantemento do prazo de duración inicialmente aprobado pola Xunta de Goberno Local de 3 anos ou, no seu caso, a prórroga do mesmo un ano, de acordo co disposto no artigo 10.1.c) citado.

*Motívase a necesidade de esgotar o prazo legal de tres anos ou, no seu caso a prórroga, no feito de que as esixencias para o Concello de Vigo derivadas da execución do convenio téñense incrementado por mor do aumento dos subministros (comunicacións) procedentes de Notarías e Rexistros da Propiedade.*

*Á circunstancia anterior, únese o feito da cambiante realidade inmobiliaria actual, con alteracións de uso comercial/industrial a uso vivenda que non concurría no 2022 e que esixe a revisión de documentación e a apertura dos correspondentes expedientes catastrais, no seu caso.*

*Esta colaboración catastral é de inexcusable cumprimento para esta administración municipal, porque responde á demanda que esixe a propia Dirección Xeral do Catastro....”*

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d).

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, vinculados ao programa.

Nestes momentos:

- M.A. Crespo Cibrán, con DNI: \*\*\*7342\*\*
- N. M. Nuñez Aboy, con DNI: \*\*\*8401\*\*

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 09/08/2025.

Polo tanto o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### **IV.- Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe de cuantificación económica de data de hoxe:

Economista (A1) 2024: 26.537,96 euros

Economista (A1) 2025: 40.728,40 euros.

Auxiliar (C2) 2024: 14.430,08 euros

Auxiliar (C2) 2025: 22.146,14 euros

Total 2024: 40.968,04 euros

Total 2025: 62.874,54 euros



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

As devanditas prazas teñen dotación para todo o exercicio e serán igualmente dotadas no orzamento do ano 2025, polo que, hai cobertura adecuada e suficiente para afrontar a prórroga dos contratos de referencia coa imputación que se detalla por anos.

As devanditas prazas teñen dotación para todo o exercicio e serán igualmente dotadas no orzamento do ano 2025, polo que, hai cobertura adecuada e suficiente para afrontar a prórroga dos contratos de referencia.

### V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### VI.- Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

## **PROPOSTA DE ACORDO**

**I.-** Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 09/108/2025), o “Programa de actuación para desenvolver procesos de mantemento catastral segundo o convenio vixente e a partir da información da xerencia de urbanismo, servizo de patrimonio-inventario de bens inmobles e viais, area de fomento así como incorporación da información á plataforma municipal VCI+”, aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 07/04/2022 (Expte. 2884/500) e os nomeamentos do persoal funcionario interino nomeado para a execución do mesmo:

- M.A. Crespo Cibrán, con DNI: \*\*\*7342\*\*
- N. M. Nuñez Aboy, con DNI: \*\*\*8401\*\*

A referida prórroga dos nomeamentos, faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (09/08/2025) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: economista (posto código 65), e auxiliar de Administración Xeral (posto código 138).

**II.-** Autorizar o gasto total da prórroga do programa referido (10/08/2024 a 09/08/2025) e dos nomeamentos interinos vinculados ao mesmo segundo informe que obra no expediente:

Economista (A1) 2024: 26.537,96 euros

Economista (A1) 2025: 40.728,40 euros.

Auxiliar (C2) 2024: 14.430,08 euros

Auxiliar (C2) 2025: 22.146,14 euros

Total 2024: 40.968,04 euros

Total 2025: 62.874,54 euros

As devanditas prazas teñen dotación para todo o exercicio e serán igualmente dotadas no orzamento do ano 2025, polo que, hai cobertura adecuada e suficiente para afrontar a prórroga dos contratos de referencia coa imputación que se detalla por anos.

Todo elo con cargo á aplicación orzamentaria 9200.1400000 do orzamento dos exercicios económicos 2024 e 2025 no que respecta a custes retributivos, e a partida 9200.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

**III.-** Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Directora de Ingresos e xestión catastral delegada, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(608).- DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "UB 40" NO AUDITORIO DE CASTRELOS. EXPTE. 10150/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación do informe-proposta de data 01/08/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo interventor xeral, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas (LPAC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "UB 40" (PCAP).
- Real decreto de 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código Civil (CC).

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 5 de xullo de 2024, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade para a actuación do artista "UB40 no Auditorio ao aire libre de Castrelos, prevista para o día 7 de agosto; no mesmo acto, acordou tamén autorizar un gasto

por un importe total de 291.368,00 euros e dispuxo a apertura do procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**Segundo.-** En data 10 de xullo de 2024, a XGL acordou "Adxudicar a ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de actuación artística de "UB40" por un prezo total de 291.368,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.568,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada." A adxudicación foi notificada ao licitador ao día seguinte.

**Terceiro.-** O procedemento neste intre está en prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación.

**Cuarto.-** En data 24 de xullo de 2024, o licitador, ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L., (en adiante OIDE), mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, manifesta a imposibilidade de celebrar o concerto obxecto do contrato, porque o artista padece unha enfermidade que lle impide realizar a actuación prevista. Acredita este extremo cun parte médico, presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 29 de xullo do mesmo ano.

**Quinto.-** En data 1 de agosto de 2024, o representante da empresa contratista manifesta a imposibilidade de que o artista realice a súa actuación nunha data distinta, e solicita a non formalización do contrato.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

-I-

### **DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO**

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
  - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
  - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

### 3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Este artigo recolle dúas institucións distintas: a renuncia (decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato) e a desistencia. A principal diferenza entre ambas é que a primeira supón un cambio da vontade da Administración fundado en razóns de interese público, mentres que a desistencia é un acto regrado fundado en causas de legalidade, que esixe a concorrencia dunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Afirma ó respecto a doutrina, citaremos por todas a Resolución nº 1125/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales que:

*“La renuncia, a diferencia del desistimiento, supone un cambio en la voluntad de la Administración de contratar la prestación, por razones de interés público y, por ello, es un acto de contenido discrecional. Ha de ser acordado -al igual que el desistimiento- antes de la adjudicación del contrato, para evitar lesionar derechos y no meras expectativas, y precisamente por su carácter discrecional el artículo 152.3 de la LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes en el procedimiento de adjudicación, la prohibición al órgano de contratación de promover una nueva licitación del objeto del contrato en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la renuncia.*

*Por el contrario, el desistimiento tiene un contenido por completo diferente, a diferencia de la renuncia no es un acto discrecional determinado por el cambio de voluntad de la Administración contratante, sino un acto reglado fundado en causas de legalidad y no de oportunidad. Por ello exige, como señala el apartado 4 del artículo 152 de la LCSP, la concurrencia de una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, que haga imposible continuar con la licitación hasta su adjudicación; y por ello el desistimiento, a diferencia de la renuncia, no impide la iniciación inmediata de un nuevo procedimiento de licitación con el mismo objeto. En relación con el desistimiento este Tribunal ha señalado (Resolución 323/2016, de 29 de abril) que “se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Este procedimiento, lógicamente, podrá ser utilizado por la Administración en todos aquellos casos en que concurren los requisitos que se exigen legalmente. Para que pueda acordarse válidamente, es necesario que esté basado, como se desprende del precepto transcrito, en defecto no subsanable, que se justifique la concurrencia de la causa en que se basa y que se produzca antes de la adjudicación del contrato”. En idénticos términos se pronuncia la Resolución de este Tribunal 697/2018 dictada en el recurso 622/2018”.*

-II-

## **DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO**

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

### **a) Non formalización do contrato:**

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou. Tal e como determina o artigo 153 da LCSP, se o contrato fose obxecto de recurso especial en materia de contratación conforme o artigo 44, a formalización non poderá realizarse antes de transcorridos quince días hábiles desde a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos. Dado que a adxudicación foi notificada o 11 de xullo, o prazo para a interposición do citado recurso remata o día 2 de agosto, polo que ata que remate este prazo o contrato non pode formalizarse.

### **b) Causa:**

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público.

Tal e como informa o licitador o artista padece unha enfermidade que lle impide realizar a actuación prevista, nin hai posibilidade de celebrala nunha data distinta.

Efectivamente, o licitador manifesta en escrito de 1 de agosto de 2024 que “Tras a suspensión do concerto do Grupo UB40 programado para o próximo 7 de Agosto de 2024 no Auditorio de Castrelos, por enfermidade do cantante da banda, comunicámoslles que esta última non conta con datas dispoñibles para reprogramar o evento, polo que renunciamos á formalización do contrato e rexeitamos a cobranza de importe algún por este procedemento”.

Dado que non hai posibilidade de que o artista leve a cabo a súa actuación artística nin na data prevista nin noutra, non ten sentido formalizar o contrato.

### **c) Xustificación da causa:**

Coa exposición da concorrencia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

-III-

## **DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO**

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP).

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

### -IV-

#### COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

#### ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*1º.- Decidir non celebrar o contrato do servizo de actuación artística de "UB40" (expediente 10150-335) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.*

*2º.- Anular a autorización de gasto, documento nº 12024000126634 de 10 de xullo de 2024, por importe de 291.368,00 euros.*

*3º.- Notificar ao adxudicatario o presente acordo".*

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(609).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 1712/110.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe-proposta de data 02/08/2024, asinado pola secretaria de Goberno local (Resolución data 14/07/2023) e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

En data 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as Bases reguladoras transcritas no para a provisión do posto de Xefe/a de estadística mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 12 de abril de 2024 publicouse no BOP PO as bases que rexe a convocatoria.

En data 7 maio de 2024 publicouse no DOG extracto da convocatoria.

En data 25.05.2024 Boletín Oficial del Estado, publicouse anuncio da convocatoria a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

En data 17.01.2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal presentáronse os seguintes aspirantes

#### **ASPIRANTE**

#### **DNI**

JOSE MANUEL GONZALEZ UCHA

\*\*\*4638\*\*

MONICA DOMINGUEZ ESTEVEZ

\*\*\*2781\*\*

OLGA ROMAN CELADA

\*\*\*3325\*\*

Segundo a cláusula terceira das bases da convocatoria, rematado o prazo de presentación de instancias publicárase unha lista de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta relación publicárase na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e no taboleiro de edictos.

Revisadas as solicitudes o aspirante Jose Manuel González Ucha acredita a condición de funcionario de carreira do subgrupo C1 polo que non cumpre a cláusula primeira das bases da convocatoria tanto que o posto de traballo obxecto da convocatoria está reservado a persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2. O incumprimento do requisito, non emendable, implica a exclusión do aspirante no procedemento.

E por isto polo que sométese a Xunta de Goberno Local como órgano competente segundo o disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, a seguinte **PROPOSTA**

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a de estadística

#### **ADMITIDOS**

#### **ASPIRANTE**

#### **DNI**

MONICA DOMINGUEZ ESTEVEZ

\*\*\*2781\*\*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

OLGA ROMAN CELADA

\*\*\*3325\*\*

### EXCLUÍDOS

ASPIRANTE	DNI	MOTIVOS EXCLUSION
JOSE MANUEL GONZALEZ UCHA	***4638**	O aspirante non reúne o requisitos de persoal funcionario de carreira do subgrupo A1/A2.

**SEGUNDO.-** Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: Interventor Xeral do Concello de Vigo, Alberto Escariz Couso.  
Suplente: Letrada\_ Xefa de Asesoramento, Susana Garcia Álvarez.

Vogais

Titular: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electrónica.  
Suplente: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Director superior contable e Orzamentario.

Titular: Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.  
Suplente: Viceinterventora xeral adxunta, Maria de Mar Suárez del Campo.

Titular: Directora de ingresos e xestión catastral delegada, Dna María de Carmen Pazos Area.  
Suplente: Dna. Luz María González Domínguez , Xefa da Oficina Administrativa da Alcaldía.

Secretario/a:

Titular: Secretario Xeral de Pleno, José Villán Fuertes.  
Suplente: Xefa do Servizo de Fiscalización, Maria Dolores Hernández Vidal.

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros da Comisión de Valoración a sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 8 de agosto de 2024 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

**CUARTO.-** Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(610).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2024. EXPTE. 10189/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 24/07/2024 e o informe de fiscalización do 02/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado polo enxeñeiro Industrial do Servizo de Comercio, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais resolveu o día 9 xullo de 2024, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración co Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), para a realización da “Festa do Polbo 2024”, o domingo 11 de agosto, na Carballeira do Pedregal, a carón do Centro Sociocultural, dentro da programación “Vigo en Festas 2024”.

A Festa Gastronómica do Polbo ven organizándose nos últimos anos na Carballeira do Pedregal con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa o desenvolve o “Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158)”, que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

O “Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158)”, está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Polbo 2024, conforme ao Programa e ao Presuposto,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Polbo se desenvolverá o día 11 de agosto de 2024, actuacións de grupos folclóricos, recepción de autoridades e entrega de distincións, xantar co despacho de polbo e outros produtos gastronómicos, representación teatral, concerto da Unión Musical de Valadares, representación teatral e animación infantil.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158) asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158) para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento da Festa Gastronómica do Polbo dentro do programa de Festas de Vigo 2024.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 19.500,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa do Polbo.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade coas competencias que me atribúe a vixente lexislación (artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local) e facultades delegadas polo decreto da alcaldía de data 21 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28 de xuño de 2024.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

**PROPOSTA:**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), para a organización da “Festa Gastronómica do Polbo 2024”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor do “Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158)” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0006 (Convenio C. V. C. Valadares, Festa do Polbo) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES (G-36.805.158) PARA A ORGANIZACIÓN DA XXXIII EDICIÓN DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO 2024**

Na Data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don ANGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo de data 28/06/2024.

Doutra, dona ANA PÉREZ DÁVILA, (DNI 36.037.085-H) como presidenta da Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social no Camiño do Pedregal, nº 6 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 9756/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.- Os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa Gastronómica do Polbo 2024, que se desenvolverá o domingo, día 11 de agosto de 2024, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2024**” na Carballeira do Pedregal, a carón do Centro Sociocultural. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

II.- O Concello de Vigo e a Asociación Centro Veciñal e Cultura de Valadares, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Polbo, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Asociación Centro Veciñal de Valadares ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

**IV.-** O Concello de Vigo vén organizando o programa de actividades “Vigo en Festas 2024” que se desenvolve nos meses de xuño a setembro na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da Asociación Centro Veciñal de Valadares para o desenvolvemento da Festa do Polbo 2024.

**IX.-** A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e a Administración de Facenda e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo nin coa Xunta de Galicia, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 10189/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base as seguintes

## **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** A Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Polbo 2024 que terá lugar na Carballeira do Pedregal o día 11 de agosto de 2024, en particular a:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura, medios materiais e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente de pago, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona da Carballeira do Pedregal que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo Municipal de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segunda.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Publicidade:

a) Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, cunha antelación mínima de dez días sendo a entidade beneficiaria a que se encargará da súa distribución.

b) Entregar a publicidade co logo do Concello de Vigo (lonas, plumas...) a cal será devolta pola entidade beneficiaria unha vez finalizada a festa.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa "Vigo en Festas 2024".

4º.- Conceder directamente á Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Polbo 2024.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarta.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES87 2080 5082 3630 4000 7433 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido na cláusula novena.

**Quinta.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos a percibir.

**Sexta.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétima.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitava.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES”, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos a percibir, a Asociación deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.

**Novena.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes da segunda semana de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.  
As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Décima.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeira.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segunda.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceira.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarta.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinta.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada, antes da súa publicación, polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo xesta.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas Especiais nas propias actividades programadas.

**Décimo sétima.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

**Décimo oitava.-** O concelleiro delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1718/1102

**Décimo novena.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Vixésima.-** Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento das festas populares, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Vixésimo primeira.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segunda.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceira.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

## **16 (611).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1718/1102

Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez

A PRIMEIRA TTE. DE ALCALDE,  
M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego.